



## **CIRCULAR 62-2019**

### **XVIII CAMPIONATO DE GALICIA SUB 16 E LXVII CAMPIONATO DE GALICIA SUB 18 DE PISTA AIRE LIBRE**

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1)** O día 25 de maio terá lugar o Campionato de Galicia Sub 16 e Sub 18 de pista aire libre, nas pistas de Balaidos en Vigo (Pontevedra). O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Vigo.

**Art.2)** Poderán intervir todos aqueles atletas das categorías Sub16 e Sub18, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola FGA, aínda que pertencen a clubs doutras comunidades autónomas.
3. Atletas non galegos/as convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 21 de maio do 2019**. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións.

**Art.4)** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.5)** Durante o transcurso do Campionato, un/ha atleta pode ser excluído/a de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificase nas eliminatorias (no suposto de habelas) e non participase na rolda seguinte, ou ben que confirme a súa inscrición e finalmente non participe (agás casos autorizados directamente polo Comité Técnico).

**Art.6)** En todas as carreiras, a confección das series realizarase en función dos rexistros que posúan os/as atletas na presente tempada, ou no seu defecto na tempada anterior (agás casos autorizados directamente polo Comité Técnico). Antes da saída, comunicarase ós/as participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda en caso de que a houbese (decidida pola organización).

**Art.7).-** Limitacións de probas:

- Sub18: Só poderán participar nun máximo de dúas probas (sen contar os relevos). En caso de participar en dúas carreiras só poderá realizarse unha de máis de 200m.
- Sub16: Só poderán participar nun máximo de dúas probas (sen contar os relevos). En caso de participar en dúas carreiras só poderá realizarse unha de máis de 200m



**Art.8).-** A cadencia das alturas publicarase conxuntamente coa lista de inscritos/as. As distancias das táboas decidiranse en función das marcas dos participantes (podendo chegar ata 3)

**Art.9).-** O pase á mellora nesta competición será as 8 mellores marcas e, polo menos, 4 atletas de cada categoría.

**Art.10).-** Horario provisional do Campionato (o horario pode sufrir modificacións en función das inscricións)

<b>HORARIO PROVISIONAL</b>						
<b>XORNADA DE MAÑÁ</b>						
10.000 marcha	H	Sub 18	10:00			
5.000 marcha	H	Sub 16				
5.000 marcha	M	Sub 18				
3.000 marcha	M	Sub 16				
			10:45	MARTELO (3kg)	M	FINAL
400v (0,84)	H	FINAIS	11:00	ALTURA	M	FINAL
300v (0,84)	H	FINAIS	11:10	LONXITUDE	H	FINAL
300v (0,762)	M	FINAIS	11:25			
			11:30	PÉRTEGA	M	FINAL
400v (0,762)	M	FINAIS	11:35			
3.000	H	FINAL	11:50			
			11:55	MARTELO (4-5kg)	H	FINAL
				PESO (4-5kg)	H	FINAL
3.000	M	FINAL	12:05			
100	M	Semif Sub16	12:25			
100	H	Semif Sub16	12:40	LONXITUDE	M	FINAL
100	M	Semif Sub18	12:55			
100	H	Semif Sub18	13:05			
			13:10	DISCO (1,5-1kg)	H	FINAL
				PESO (3kg)	M	FINAL
1.000	M	FINAL	13:15			
1.000	H	FINAL	13:22			
1.500	M	FINAL	13:30			
1.500	H	FINAL	13:40			
100	M	FINAL Sub 16	13:50			
100	H	FINAL Sub16	13:55			
100	M	FINAL Sub18	14:00			
100	H	FINAL Sub18	14:05			



<b>XORNADA DE TARDE</b>						
110 v (0,914)	H	Semif	16:45	DISCO (800g-1 k)	M	FINAL
				TRIPL0	M	FINAL
100 v (0,914)	H	Semif	17:00	PÉRTEGA	H	FINAL
				ALTURA	H	FINAL
100 v (0,762)	M	Semif Sub18	17:15			
100 v (0762)	M	Semif Sub16	17:20			
400 m.	H	FINAIS	17:35			
400 m	M	FINAIS	17.45			
600 m	H	FINAL	17:55			
600 m	M	FINAL	18:05	XAVELINA (500g)	M	FINAL
800 m	H	FINAL	18:15			
800 m	M	FINAL	18.22			
200 m	H	FINAIS	18.35	TRIPL0	H	FINAL
200 m	M	FINAIS	18:50			
300 m	H	FINAIS	19.05			
300 m	M	FINAIS	19.20	XAVELINA (600-700g)	H	FINAL
2.000 Obs.	H	FINAL	19.33			
2.000 Obs.	M	FINAL	19.43			
1.500 Obs.	H-M	FINAL	19.55			
100 v (0,762)	M	FINAL Sub18	20:10			
100 v (0,762)	M	FINAL Sub16	20.15			
100 v.(0.914)	H	FINAL	20.22			
110 v (0,914)	H	FINAL	20.35			
4x100	M	FINAIS	20:50			
4x100	H	FINAIS	21:05			

**Art.11).-** Cámara de chamadas: será obrigatoria a presentación na mesma, debidamente acreditados mediante licenza, DNI ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.

#### **SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS**

**Carreiras:** 10min antes da hora oficial da proba

**Carreiras valadas:** 15min antes da hora oficial da proba

**Concursos (agás pértega):** 30min antes da hora oficial da proba

**Pértega:** 45min antes da hora oficial da proba

**Entrada en Cámara de chamadas:** ata cinco minutos antes da saída oficial a pista. Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír coa camiseta na man ou gardada.



**Art.12).- Marcas mínimas para participar no Campionato de Galicia Sub16 e Sub18**

	sub 18		sub 16	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
<b>100</b>	12,10	13,85	12,60	13,70
<b>200</b>	24,50	28,50	-----	-----
<b>300</b>	-----	-----	41,00	46,00
<b>400</b>	56,50	01:06,5	-----	-----
<b>600</b>	-----	-----	1'40"00	1'52"00
<b>800</b>	2'08"00	2'35"00	-----	-----
<b>1000</b>	-----	-----	3'05"00	3'25"00
<b>1500</b>	4'25"00	5'30"00	-----	-----
<b>3000</b>	10'15"00	12'30"00	10'45"00	12'30"00
<b>110/100mv</b>	19,00	17,50	17,50	18,00
<b>300/400 mv</b>	01:05,0	01:17,0	47,50	53,50
<b>1.500/2.000 obs</b>	7'00"00	8'15"00	5'35"00	6'10"00
<b>altura</b>	1,60	1,43	1,55	1,43
<b>lonxitude</b>	5,85	4,90	5,40	4,85
<b>triplo</b>	11,85	10,30	11,10	10,00
<b>pértega</b>	2,80	2,30	2,50	2,10
<b>peso</b>	9,50	8,50	9,50	8,00
<b>disco</b>	30,00	23,00	26,00	23,00
<b>xavelina</b>	33,00	23,00	33,00	23,00
<b>martelo</b>	20,00	30,00	28,00	28,00
<b>10 km Marcha</b>	s/m	s/m	s/m	s/m

Cando se celebren conxuntamente campionatos en que coincidan dúas ou máis categorías sempre haberá polo menos tres atletas de cada categoría (agás másters).

Aqueles/as atletas que non teñan ningunha marca legal, ben polo vento, ben por problemas de homologación naquelas instalacións onde competiron, ou non teñan acadada a marca mínima, poderán inscribirse poñendo a súa marca no campo "Dorsal". **Esta marca será valorada pola Dirección Técnica para poder participar no campionato.**

**Art.13)** Entregaranse medallas ós tres primeiros atletas de cada categoría: Sub16 e Sub18, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

**Art.14)** Nos concursos serán proclamados: primeiro/a, segundo/a e terceiro/a, os/as atletas que acaden as tres mellores marcas de cada unha das categorías.



**CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.15).-** A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fatletismo.gal](mailto:direcciontecnica@fatletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado: 3 euros. A aceptación do/a participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.16).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, a 13 de maio de 2019



Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**